



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE SANXENXO PARA A ILUMINACIÓN DO ENLACE DE NANTES PUNTO QUILOMÉTRICO 17+200 DA ESTRADA AG-41.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

REUNIDOS

Dunha parte, María Martínez Allegue, presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, facultada para a formalización deste convenio polo Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas.

Doutra parte, Telmo Martín González, na súa condición de alcalde do Concello de Sanxenxo actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal, suficiente e necesaria, para o outorgamento do presente convenio de colaboración e, a tal efecto

EXPOÑEN

Primeiro. No ano 2008 púxose en servizo a autovía do Salnés AG-41 que no seu p.q. 17+200 ten un enlace de acceso ao parque empresarial de Nantes, que ademais dá acceso a zona de vivendas de Pedroño, no concello de Sanxenxo.

Segundo. Na actualidade atópase iluminado o vial de acceso ao parque empresarial e parte do anel da glorieta da marxe dereita, pero non o resto do enlace nin o acceso ás vivendas.

Terceiro. Considerando que a iluminación completa do enlace de Nantes no p.q. 17+200 da AG-41 suporía un incremento da seguridade vial e da calidade de vida das persoas que residen nas vivendas de Pedroño, con data 10 de outubro de 2023 asinouse un convenio para proceder a súa iluminación. A vixencia do convenio dunha única anualidade non permitiu realizar as actuacións administrativas necesarias para a adxudicación e realización das obras.



A Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Sanxenxo consideran que as condicións e os intereses que motivaron a sinatura dun convenio en outubro de 2023 para a iluminación do enlace de Nantes seguen plenamente vixentes polo que se fai preciso artellar as bases para a óptima coordinación e así regular a colaboración nas súas actuacións coa sinatura dun novo convenio consonte cos artigos 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 198 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia con subxección as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto do presente convenio é establecer as bases da colaboración técnica e económica entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Sanxenxo na iluminación do enlace de Nantes da AG-41.

En concreto a instalación de:

- 2 luminarias na Glorieta Oeste, unha entre o ramal de saída marxe dereita e o paso inferior, e a outra entre o paso inferior e o ramal de entrada marxe dereita. Ambas luminarias colocaranse sobre columna de 9 metros de altura.
- 4 luminarias na illote central da Glorieta Este, sobre unha única columna de 9 metros de altura.
- 2 proxectores tipo LED colocados no muro do paso inferior que conecta ambas glorietas.
- 2 luminarias no vial municipal de acceso ás vivendas, sobre columna de 5 metros de altura.

O orzamento necesario para a execución destas obras estímase en **trinta e dous mil setecentos oitenta e un euros con tres céntimos (32.781,03 €)**. Este orzamento inclúe o orzamento base de licitación e máis o IVE.

SEGUNDA. COMPROMISOS DO CONCELLO DE SANXENXO

O concello de Sanxenxo obrígase asumir, unha vez realizadas as obras e logo da comunicación da Axencia Galega de Infraestruturas, a explotación, o mantemento e conservación das obras realizadas, asumindo as responsabilidades correspondentes como ente titular das mesmas así como sufragar o consumo do sistema de iluminación instalado.

TERCEIRA. COMPROMISOS DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS (AXI)

A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, asume o compromiso de:

1. Redactar o documento técnico que define as obras previstas no presente convenio.
2. Financiar os gastos de execución das obras, destinando para iso ata un máximo de **trinta e dous mil setecentos oitenta e un euros con tres céntimos (32.781,03 €)** con cargo a partida orzamentaria



08.A1.512B.600.1, código de proxecto 2018-00012, dos orzamentos da Axencia Galega de Infraestruturas de 2024.

3. Levar a cabo as actuacións de contratación, execución e dirección das obras descritas e formalizar os actos de recepción das mesmas.

4. Unha vez producido o acto formal de recepción das obras poñerase en coñecemento do concello de Sanxenxo, entendéndose que tal comunicación determina o nacemento da obriga asumida polo concello na cláusula segunda, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obras.

CUARTA.- SEGUIMIENTO E CONTROL.

Para o seguimento, control e avaliación de cantas dúbidas poidan xurdir na aplicación do convenio constituirase unha comisión de seguimento, coa participación dun representante da Axencia Galega de Infraestruturas e dun representante do Concello de Sanxenxo.

A comisión poderase reunir as veces que se estime oportunas para o cumprimento do convenio. En todo caso, a solución das incidencias que poidan xurdir estará condicionada polas limitacións orzamentarias incluídas na cláusula terceira.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Axencia Galega de Infraestruturas, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

QUINTA. - NATUREZA DO CONVENIO.

Este convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, polo Decreto 246/92, do 30 de xullo, polo que se regulan as condicións de execución das obras públicas en réxime de cooperación coas corporacións locais, e outros entes de dereito público, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico administrativo, con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa.

SEXTA.-MODIFICACIÓNS DO CONVENIO

As modificacións formalizaranse mediante *addenda* cos mesmos requisitos e condicións que para a aprobación do convenio, agás aquelas modificacións de carácter técnico aprobadas polo órgano de contratación, de acordo coa normativa de contratos administrativos, que non impliquen a superación do importe máximo reflectido na cláusula primeira do convenio.



En todo caso, os compromisos de gasto aprobados pola Axencia Galega de Infraestruturas, recollidos neste convenio, poderán ser axustados unilateralmente por parte da Axencia Galega de Infraestruturas, co límite da cantidade máxima prevista na cláusula terceira do convenio e sempre que non aumente o número de anualidades, para acompasalos ao importe de adxudicación e ao ritmo de execución das obras de referencia, ou, en xeral, calquera outra circunstancia que atrase a execución do convenio, sen que este axuste necesite da tramitación dunha addenda ao convenio.

Calquera outra modificación no contido deste convenio, requirirá acordo unánime entre o Concello de Sanxenxo e a Axencia Galega de Infraestruturas.

SÉTIMA.- RESOLUCIÓN

Serán causas de extinción deste convenio a inviabilidade da realización das actuacións descritas por causas non imputables ás partes así como a renuncia por causas de interese público, a instancia de calquera das partes asinantes.

OITAVA.- PUBLICIDADE.

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

NOVENA.- VIXENCIA DO CONVENIO.

Este convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata a entrega das obras e, en todo caso, ata o 31 de decembro de 2024.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, as partes asinan electrónicamente este documento.

A presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, María Martínez Allegue

O alcalde do Concello de Sanxenxo, Telmo Martín González

